

## LINGUA GALEGA

Comezamos a dicir que non hai tempo, que o ano xa voou, e perdemos a **infancia**. Cando observamos a rapazada correr para chegar á hora á escola, aos patios do recreo, ás “actividades”, aos vestiarios dos pavillóns deportivos; comprobamos como estes nenos e nenas van marcando as horas e os días do mes con exames, probas e traballos; cando un día comezan a dicir que non teñen tempo, é que algo estamos facendo mal, é que lles estamos roubando a infancia.

Somos persoas presas polo tempo, perseguidas e atrapadas en minutos e segundos. Vai todo tan rápido que un día, axiña, espertaremos e as cidades e as vilas en que vivimos estarán cheas de vivendas con baixos baleiros onde non terán sentido as palabras: “**alégase**”, “**véndese**”. As tendas de roupa, as de teas de cores, as ferraxerías onde atoparmos os parafusos, os cravos de todas as formas, as queridas librarías, a fotocopiadora do barrio, as panadarías, as tendas de todas as esquinas, un día non estarán nos baixos das nosas vivendas. Xa non poderemos falar nin con Patricia, con Gloria, con María, con Ro, nin tan sequera estarán as súas tendas de roupa para que te atrevas a entrar, probes con cara inocente e ocultes a túa culpa cando marches e sen que teñas que chegar a casa, xa merques, a non se sabe quen, a prenda ou os zapatos que probaches e que tan ben che sentaban, por “internet”.

Como por misterio, as aldeas estarán aínda máis perdidas, máis sen xente e naquela casa de turismo rural tampouco haberá unha persoa para che dar as chaves, non fará falta, xa tes unha chave electrónica para abrir. Como por misterio, nos primeiros tempos, as cidades e as vilas vivirán ao longo dun camiño, acudirán persoas de paso, case vestidas igual e con chagas nos pés, camiñantes coa fortuna de teren vivendas por días. Até que alguén invente outro destino de aventura, **renovación** espiritual e quen sabe se felicidade. Entón, caerán definitivamente e de abandono as casas das zonas monumentais, desaparecerán bares, cafetarías, lugares de xantar. Todo che entrará pola porta, se tes casa, como esa comida **por encarga**. Todo virá en catálogo, fechándonos e escravizándonos na nosa profunda soidade.

Marga do Val, *Nós Diario* (03/01/2020)

## CUESTIÓNS

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (en letra negra): **infancia**, **alégase**, **renovación**, **por encarga** (1 punto).
2. Faga un esquema coas ideas principais e as ideas secundarias do texto e póñalle un título (2 puntos).
3. Indique a palabra da que derivan as seguintes formas do texto: *rapazada*, *librarías*, *fotocopiadora*, *camiñantes*, *renovación*, *espiritual*, *felicidade*, *definitivamente*, *monumentais*, *escravizándonos* (1 punto).
4. Conxugue o pretérito perfecto de indicativo e o futuro de indicativo dos seguintes verbos: *estar*, *facer*, *poder*, *mercar* (teña en conta que no texto pode encontrar algunhas destas formas) (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión da autora (4 puntos).